

POSIBLES IDEAS PARA UNHA HOMILÍA CON NENOS

21 xaneiro 2018

Xesús CHÁMATE. Que non sexa CHAMADA perdida!

1. VER: Tes unha chamada.

-No móbil adoitamos ter chamadas. Non sempre as contestamos, para iso está a función aceptar ou rexeitar. Tamén seguimos a persoas que admiramos e ás veces imitamos.

Cando rexeitamos chamadas? Fannos mellores os que seguimos?

2. XULGAR: Xesús chama hoxe

-No evanxeo deste domingo, Xesús vai a Galilea a **anunciar a gran noticia: “está preto o Reino de Deus: convertédevos e crede”**. E para realizar o Reino elixe os Apóstolos. De momento chama a Simón e Andrés, Santiago e Xoán para ser “*pescadores de homes*”. Eles, “*inmediatamente deixaron a redes e seguirono*”.

+QUE NOS QUERE DICIR XESÚS?

1. Na 1ª lectura Deus chama os ninivitas que se esqueceran de Deus. Eles creron e Deus foi misericordioso con eles. Deus chama a xentes de todos os pobos, só lles pide a conversión (crer e cambiar).

2. Xesús chama os primeiros apóstolos do seu grupo: Pedro, Andrés, Santiago e Xoán. Que fan eles?:

- chámaos non porque sexan os mellores senón porque quere e quéreos.
- chámaos para que vivan con el, aprendan a ser coma el, ser mellores, facer o ben a todos e anuncien que Deus é un pai bo que nos quere a todos porque somos os seus fillos.
- eles “deixan as redes” (todo), “convértense e cren” e constrúen “o reino” (un mundo de amor e fraternidade). **Que diferenza hai entre seguir a Xesús e seguir a un cantante? Que nos fai mellores?**

3. Hoxe Xesús segue chamando.

- Xesús chamounos a nós igual que chamou aos apóstolos.
- Non o eliximos nós, é el, el é quen nos elixiu e chamou a nós, non por ser mellores. Chámanos para que aprendamos del, sexamos mellores, un exemplo para outros para que ao vernos o sigan, para que xuntos fagamos un mundo mellor de paz, de perdón... ese mundo que el chama Reino de Deus e con el xa comezou.

Rexeitas a súa chamada? Que fas?

3.ACTUAR: Que non sexa chamada perdida.

- Recorda que ti e mais eu somos os apóstolos (“enviados” e amigos de Xesús) hoxe. Dálle grazas e pídelle que te encha de fe para non rexeitar a súa chamada.

Busca en internet un debuxo alegre de Xesús, ponlle o teu nome e unha frase: “Seguireiche sempre, Xesús”. Se cada un fai un podedes facer un cartel. Ou poñelo na habitación

Que estás disposto a facer?

LECTURAS

• **XONÁS 3, 1-5. 10: Os ninivitas abandonaron o mal camiño.**

O Señor dirixiu a palabra a Xonás: «Ponte en marcha e vai á gran cidade de Nínive; alí anunciaraslles a mensaxe que eu che comunicarei».

Xonás púxose en marcha cara a Nínive, seguindo a orde do Señor. Nínive era unha cidade inmensa; facían falta tres días para percorrela. Xonás empezou a percorrer a cidade o primeiro día, proclamando:

«Dentro de corenta días, Nínive será arrasada».

Os ninivitas creron en Deus, proclamaron un xaxún e vestíronse con rudo saiote, desde o máis importante ao menor. Viu Deus o seu comportamento, como abandonaran o mal camiño, e arrepeniuse da desgraza que determinara enviarlles. Así que non a executou.

Palabra do Señor.

• **SALMO 24 R/. Señor, ensíname os teus camiños.**

• **I CORINTIOS 7, 29-31: A representación deste mundo remata.**

Digo isto, irmáns, que o momento é apremante. Queda como solución que os que teñen muller vivan coma se non a tivesen; os que choran, coma se non chorasen; os que están alegres, coma se non se alegrasen; os que compran, coma se non posuísen; os que negocian no mundo, coma se non gozasen del: porque a representación deste mundo remata.

Palabra do Señor.

- **MARCOS 1,14-20: *Convertédevos e crede no Evanxeo.***

Narrador: Despois de que Xoán foi entregado, Xesús marchou a Galilea a proclamar o Evanxeo de Deus; dicía:

Xesús: -«*Cumpriuse o tempo e está cerca o reino de Deus. Convertédevos e crede no Evanxeo*».

Narrador: Pasando xunto ao mar de Galilea, viu a Simón e a Andrés, o irmáns de Simón, botando as redes no mar, pois eran pescadores. Xesús díxolles:

Xesús: -«*Vinde en pos de min e fareivos pescadores de homes*».

Narrador: Inmediatamente deixaron as redes e seguírono. Un pouco máis adiante viu a Santiago, o de Zebedeo, e a seu irmán Xoán, que estaban na barca repasando as redes. A continuación chamounos, deixaron a seu pai Zebedeo na barca cos xornaleiros e marcharon en pos de Xesús. *Palabra do Señor.*